

[Encontro entre Cooperativas. Nº 4 – 22 Xullo]

Practica e Comparte a Mellora Comercial

Programa #SaimosCooperando

[Actividade realizada no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISES- e da REDE EUSUMO]

DATAS REALIZACIÓN	Quinta Feira / Xoves 22 de Xullo de 2021	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	09:30 – 11:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Encontro en formato On-line – A través de Zoom		
PERSONA DE CONTACTO	Ramón Carmelo Rodríguez Padín (Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop)	TELÉFONO	623301529
		E-MAIL	ramon@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Avanzar nos contidos do Programa #SaimosCooperando, edición 2021.
- Pór en común e intercambiar información sobre experiencias e boas prácticas sobre diagnose, planeamento e xestión comercial das cooperativas participantes, e daquela sexa coherente cos obxectivos do Programa.
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo e promoción de posibles accións de cooperación entre as cooperativas e persoas participantes aproveitando as sinerxias dos encontros.

PROGRAMA - CONTIDOS

09:30 h. - Benvida e presentación dos Obxectivos do Encontro no marco do programa #SaimosCooperando – Edición 2021.
 09:40 h.- Presentación das cooperativas participantes, através da ferramenta comercial do Pitch Elevator (2' por cooperativa)
 10:10 h.- Intercambio de información sobre experiencias e boas prácticas en diagnose, planeamento e xestión comercial.
 11:15 h.- Conclusións do Encontro.
 11.30 h.- Peche

METODOLOXÍA

Os Encontros Telemáticos desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro, avanzaremos nos contidos do Programa #SaimosCooperando 2021 e animaremos ás cooperativas participantes a pór en práctica e socializar boas prácticas, ferramentas ou experiencias que poidan ser de utilidade para a mellora nos procesos de diagnose, planeamento e xestión comercial.

Abrirase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios sobre as experiencias presentadas, e tirar conclusións que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará o Encontro a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

- Cooperativas socias de EspazoCoop de forma preferente.
- Outras cooperativas galegas (non asociadas á Unión).

Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2021 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT 8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.